



PROGRAMA NOVA OPORTUNIDADE - 2024

Axuda para as persoas traballadoras autónomas que cesaron na súa actividade e van volver emprender un negocio como persoas traballadoras autónomas e son demandantes de emprego

Prazo aberto do
23 de xaneiro ao
31 de outubro de
2024

Importe Axuda
7.500 €*

* Esta contía
incrementarase en
500 € se a persoa
beneficiaria é muller

Orzamento
1.500.000 €



Persoas beneficiarias

→ Persoas traballadoras autónomas ou que teñan sido autónomas con anterioridade que queiran volver emprender, e que cumpran cos seguintes requisitos:

- Ter **causado alta** no RETA ou noutro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional **entre o 31 de outubro de 2023 e 30 de outubro de 2024**.
- Estar **de alta** no momento da solicitude e ter a última alta no RETA antes desta nova alta **dentro dos últimos 3 anos** desde a data de publicación desta orde.
- Ter **cotizado anteriormente polo menos 3 meses ininterrompidos** no RETA ou noutro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade.
- Estar **inscrita como persoa demandante de emprego sen ocupación efectiva** nos servizos públicos de emprego e **non ter contrato laboral en vigor** con carácter previo á nova alta.
- Ter transcorrido un mínimo de **6 meses** entre a nova alta e a anterior baixa.
- Ter domicilio fiscal en Galicia **con anterioridade á nova alta**, e **desenvolver a actividade profesional en Galicia**.
- Ter iniciada a actividade **con anterioridade** á presentación da solicitude da axuda.

IMPORTANTE: tamén poden ser beneficiarias

As persoas traballadoras autónomas que formen parte de **comunidades de bens, sociedades civís** ou outras entidades sen personalidade xurídica de nova creación, sempre que as soliciten a título persoal e **coa entidade xa constituída** antes da presentación.

EXCLUSIÓNS

Exclúense as persoas beneficiarias desta axuda **en convocatorias anteriores**, persoas autónomas que sexan membro de **entidades de economía social ou de sociedades mercantís ou laborais**, administradoras que **non acrediten participación** na empresa ou negocio e as persoas autónomas **colaboradoras**.



PROGRAMA NOVA OPORTUNIDADE - 2024



Presentación de solicitudes

- As solicitudes **presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica** a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.
- O prazo para a presentación da solicitude **rematará o 31 de outubro de 2024**.
- A presentación **supón a aceptación dos deberes** establecidos para **ser beneficiaria** e para a **aceptación da axuda**.
- **Só será válida unha solicitude por persoa**. No caso de presentar unha nova, entenderase que desiste da anterior presentada (salvo se xa estivese resolta).



Documentación complementaria

- Coa solicitude deberase achegar, entre outra, **a seguinte documentación**:
 - No caso das persoas autónomas, **alta no censo de obrigados tributarios** (modelo 036 ou 037).
 - No caso das persoas mutualistas, **certificado de baixa e do tempo que pasou en situación de mutualista**, e **certificado da nova alta**.
 - **Documentación que acredite suficientemente a posta en marcha da actividade** (facturas da compra de maquinaria, do alugueiro, da compra de mercadorías, ...).
 - De ser o caso, **contrato ou documento da creación da comunidade de bens, sociedade civil ou entidade sen personalidade xurídica**.
 - Acreditación de baixa no IAE da actividade precedente (modelo 036 ou 037 da actividade anterior).



Principais obrigas das persoas beneficiarias

- **Permanecer de alta** no RETA ou na mutualidade de colexio profesional durante **un tempo mínimo de 24 meses desde a nova alta** como persoa traballadora autónoma, salvo cesamento por causas alleas á súa vontade.
- **Xustificar ante o órgano concedente** o cumprimento dos requisitos e das condicións, e comunicarlle **calquera modificación das condicións** tidas en conta para a concesión.
- **Estar ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social**, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma.
- **Conservar os documentos xustificativos** da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, aos efectos das actuacións de comprobación e control.

Acceso á ficha da
sede electrónica



- Pulsa para acceder -

VR 1101|2024

